

Proposta innovadora

A conxunción entre o texto, a palabra, e as imaxes, fotografías e ilustracións obtén en *Imaxina animais* un resultado abraiante, polo que ten de inusual, mais tamén polo que evoca autores que experimentaran procedementos de creación de animais semellantes ou aqueles clásicos volumes que agrupaban os animais coa súa descrición científica.

Partindo das ilustracións de Vidaurre, Ballesteros artella un texto que lembra, aínda que cheo de ironía e xogos de palabras, os bestiarios, os compendios de bestias tan populares na época medieval. *Imaxina animais* presenta como facían aqueles unha imaxe acompañada dun texto, mais agora o primeiro a salientar é a creación dun animal a partir da fotografía dun obxecto cotián, un orixinal exercicio imaxinativo que produce seres tan sorprendentes como o abrenoites; que representa un moucho con forma de tirarrollas, a bolbopecha; unha bolboreta con forma de peche ou unha serpeleira; unha cremalleira con forma de serpe. Así até xuntar doce increíbles seres que por un motivo máxico son entendidos por nós como

Lembrando os Bestiarios



PAULA FERNÁNDEZ



normais.

Coñecemos grazas ao texto o lugar en que habitan un platafiño, un pingüitor ou unha frepolbo, e sorprendémonos ao asumilos, tanto adultos como rapaces e rapazas, como posibles habitantes das illas Afortunadas, do casquete polar ou de calquera

cidade. O éxito, se cadra, radica na conxunción da fotografía coa ilustración pois esta última caracteriza o hábitat do animal representado nunha fotografía, e na elección coidadísima do texto descritivo. Unha literatura chea

de ironía, con intres paródicos, cun léxico coidado e con alusións a trazos de animais convencionais que contribúen tamén, así como facían as ilustracións máis figurativas, a afastar a sensación de estrañamento que poderían provocar estes seres cargados de surrealismo e que Ballesteros tenta autenticar aludindo á exhaustiva investigación realizada por Vidaurre polos lugares máis recónditos do planeta.

Será unha das propostas máis innovadoras do ano, e se cadra tamén unha das obras que máis exercite a imaxinación de quen le. De certo que, despois desta lectura, ningún dos obxectos que nos rodean volverá ser o mesmo para nós e poida que non deixemos de atopar novos e increíbles seres.

BALLESTEROS,
*Xosé/VIDURRE, Juan, Imaxina
animais, Ed. Kalandraka,
Pontevedra, 2008, 30 páxinas.*